



III Foro Apícola · 6 de xuño de 2015 · Arzúa

O III FORO APÍCOLA acolle a 30ª Mostra Galega de Apicultura especial por celebrarmos ao mesmo tempo tamén o 35º aniversario de AGA e o 25º aniversario da cooperativa Erica Mel. Durante o Foro pretendemos tratar os temas máis actuais da nosa apicultura, presentar innovacións e celebrarmos os aniversarios. Despois de 35 anos estamos inmersos nun proceso de renovación profundo e de recambio xeracional. Como dato valga a cifra de 119 novos socios e socias dende o primeiro de xaneiro deste ano; xente nova que ven con moito ímpetu e que recibimos cos brazos abertos.

No Foro haberá un espazo para nenos e nenas con actividades apícolas, así que podeades traer convosco aos futuros abelleiros e abelleiras. Tamén temos organizado un gran xantar de irmandade, para o que tedes que apuntarvos e pagar por adiantado. Agardámosvos a todas e todos, o III Foro Apícola é aberto a todo o público polo que podeades acudir coas vosas familias e amigos.

Programa

Local Asociación de Veciños de Santa María

- 10:00 h Apertura instalacións
- 10:30 h Presentación da colmea sintética de Anel e os seus beneficios na apicultura moderna. Eleftherios Pantelakis. Anel, Grecia
- 11:00 h BeeTracker : Sistema antirrobo e monitorización de colmeas. Lepton-Vodafone
- 11:30 h Amicel Varroa, novo tratamento veterinario para combater a varroa. F.J. Orantes. Laboratorios Apinevada, Granada
- 12:00 h Aethina tumida, novo inimigo das abellas. Antonio G. Pajuelo. A.G. Pajuelo, Consultores Apícolas, Castellón
Conferencia patrocinada por Santamix-Ibérica
- 12:30 h Uso do própoleo na agricultura ecolóxica e viticultura Mercedes Martínez Modroño. Ourense
- 13:00 h Asemblea de Erica Mel
- 14:00 h Xantar de irmandade apícola
(no campo da festa de Santa María)

- 17:00 h O patrimonio apícola cereiro en Galicia
Damián Copena e Diego Copena. Investigadores da UVI
- 17:30 h Campaña de promoción "A Pinga", presentación de novidades. Isabel Sanjurjo. Canal de Comunicación
- 17:45 h Apiturismo e viaxe a Eslovenia. Paula Souto, técnica de AGA
- 18:00 h Como afecta ó mel a nova normativa de etiquetado
Silvia Cañas. Enx. Téc. Agrónomo e editora de Apicultura Ibérica, Barcelona
- 18:15 h Control de V.Velutina. Presentación de trampas de Vetoforma; Santamix Ibérica. Olores que atraen a V. velutina: potencial uso en trampas; Xesús Feás, investigador da USC; Gonzalo Calvo veterinario de AGA e José Fernández, encargado de AGA no convenio co 112

Centro do Queixo e do Mel

De 17:00 h a 18:15 h Obradoiro de apicosmética

Antonio G. Pajuelo. A.G. Pajuelo, Consultores Apícolas.
Obradoiro patrocinado por Santamix-Ibérica

DURANTE TODO O DÍA

Feira de material apícola e exposición de novidades na nave de Erica Mel
Información e trámites para os socios e socias e
Actividades para nenos e nenas no Centro do Queixo e do Mel

* **Xantar de irmandade.** O menú será: empanada, pulpo, carne o caldeiro, postre, café e bebidas. Para reservar hai que ingresar 22 € no nº de conta ES02 2080 0348 38 3000018210 antes do día 30 de maio, indicando no concepto "Xantar Arzúa" e o nome do socio/a. Despois poñerse en contacto con AGA para dar o nome e indicar a data do pago ou enviar o xustificante por email. Entregarase o vale para o xantar no mostrador do Centro do Queixo e do Mel.

AGA

ASOCIACIÓN GALEGA DE APICULTURA

ATENCIÓN AO SOCIO/A Centro do Queixo e do Mel

Feira Nova s/n 15819 Arzúa
Horario: de 10 a 14 e de 16 a 18 horas, a diario
Tels.: 981 508 142 e 630 069 637

E-mail: aga@queixoemel.org agapicultura@gmail.com Web: www.apiculturagalega.es